

Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Persoal, oposicións

BASES E CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, NA MODALIDADE DE INTERINIDADE POR VACANTE, DUNHA (1) PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO SOCIO-CULTURAL

Aprobadas por Resolución de Alcaldía nº 382/2021 de data 13.07.2021, as bases e a convocatoria para a selección, en réxime de persoal laboral temporal, na modalidade de interinidade por vacante, para a área de Cultura do Concello de Arbo, dunha (1) praza de auxiliar administrativo socio-cultural, mediante o sistema de oposición libre, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 20 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, unha vez publicado o texto íntegro das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e do extracto no DOG.

As bases reguladoras que rexerán a convocatoria son as que a seguido se insiren, e atópanse a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do Concello de Arbo e na súa sede electrónica (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>) :

Segunda. Sistema de selección

Establécese o sistema de selección de oposición libre, concurso oposición ou concurso, segundo se dispoña nas bases específicas da convocatoria.

Terceira. Requisitos dos aspirantes

1) Con carácter xeral, para seren admitidos na realización das probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, respecto do acceso ó emprego público de persoas con nacionalidade doutros estados.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5V5VT6CZ5LBYQPH



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a titulación esixida segundo as convocatorias específicas de cada posto. No caso de equivalencia ou homologación de titulacións deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira.

e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó posto do que estivese separado ou inhabilitado. No caso de ter a nacionalidade doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido anteriormente a unha sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

f) Que non fora condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

g) Calquera outro requisito que se estableza nas bases específicas de cada convocatoria.

2) Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento ou contratación para o posto convocado.

Cuarta. Solicitudes

1) As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación do posto convocado ao que opta. No rexistro xeral do Concello facilitaráselles aos interesados o modelo de solicitude, incluído no anexo I desta convocatoria. Ademais, achegarase unha fotocopia do documento nacional de identidade (ou doutra tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios), e fotocopia da titulación esixida.

Para ser admitidos nestas probas selectivas as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen os requisitos e as condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partires do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE) mediante extracto e previa publicación do texto íntegro das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e o extracto no Diario Oficial de Galicia (DOG).



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

3) A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral do Concello de Arbo ou por calquera dos procedementos establecidos nos artigos 16 e 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O Concello ten habilitado a estes efectos unha sede electrónica: <https://concellodearbo.sedelectronica.gal>

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario correspondente antes de seren certificadas. As persoas solicitantes que presenten a súa solicitude en distinto rexistro ao do Concello deberá anunciara súa presentación, no prazo de presentación de solicitudes, no e-mail: concellodearbo@concellodearbo.es ou registro@concellodearbo.gal, e dirixidas ao servizo de persoal do Concello.

4) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ó organismo competente.

Venres, 11 de marzo de 2016 N° 49

5) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, indicarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizaren os exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

6) Os aspirantes quedan vinculados ós datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ou ben, a instancia de parte.

Quinta. Admisión de aspirantes

1) Logo de finalizado o prazo dos vinte (20) días naturais sinalado para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no BOPPO e no taboleiro de anuncios deste Concello.

2) Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producírense reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e publicárase a lista definitiva no BOPPO e no taboleiro de anuncios.

3) Contra a resolución do Alcalde, na que se aprobará a lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte á publicación no BOPPO (artigos 112 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou ben un recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.



4) O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de superaren as probas selectivas.

Sexta. Tribunal cualificador

1. Os compoñentes do tribunal cualificador serán designados pola Alcaldía segundo o disposto nos artigos 4.e e 4.f do Real decreto 896/91, de 7 de xuño, e no artigo 60 do citado Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

3. A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que deberán posuír titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

4. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. O Alcalde, antes de que teña lugar cada unha das probas e xuntamente coa lista de admitidos, publicará no BOPPO e no taboleiro de anuncios da corporación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo ao presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva do tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

9. O tribunal, a partir da sesión de constitución, para actuar validamente requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ó disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nas bases reguladoras desta convocatoria.

10. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios cas do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11. En caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

12. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

Sétima. Características das probas selectivas

O procedemento de selección consistirá en probas de coñecementos específicos relacionadas co contido do programa de cada convocatoria, segundo o anexo e que aseguran a obxectividade e a racionalidade do proceso selectivo.

Oitava. Comezo dos exercicios

1. A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio serán determinados polo Sr. Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a composición do tribunal, que se publicará mediante anuncio no BOPPO e no taboleiro de anuncios do Concello, polo menos con 10 días naturais de antelación.

2. Os aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídos no seu dereito as persoas opositoras que non comparezan a realizalo, salvo nos casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3. As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Novena. Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas

1. En calquera momento o tribunal poderá requirirles aos opositores que acrediten a súa identidade.

2. A orde de actuación das persoas opositoras para realizaren aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea será determinada mediante sorteo polo tribunal en presenza dos aspirantes e inmediatamente antes de iniciarse o exercicio.



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

3. Na realización e corrección dos exercicios escritos garantírase o anonimato, podendo utilizar o tribunal para ese efecto os medios que considere oportunos.

4. Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñerlle ao presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

5. Ao rematar cada un dos exercicios da oposición o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida.

6. A relación de aprobados en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios, polo menos con 12 horas de antelación á nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

7. Os exercicios terán lugar a porta pechada, sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, excepto na lectura por parte dos opositores dos exercicios escritos, que será pública.

8. Desde o momento en que remate un exercicio ou proba ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días hábiles.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante o alcalde que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décima. Cualificación dos exercicios da oposición

1. Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición cualificarase con entre cero (0) e dez (10) puntos, e será necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para aprobar cada un dos exercicios.

Neste tipo de exercicios quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen o persoal asinante ou sinais ou marcas que puidesen romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

2. O exercicio obrigatorio e eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego será cualificado como Apto ou non apto quedando exentos de o realizaren os que acrediten posuír o Nivel de Celga que se especifique nas bases específicas, aos que se lles outorgará a cualificación "Apto/a".

3. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

4. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros serán automaticamente excluídas ambas as dúas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5V5T6CZ5LBYQPH



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

No caso de empate na puntuación acudirase para dirimilo á outorgada na fase de oposición:

- A solicitante de sexo feminino con preferencia sobre o de sexo masculino, cando na categoría, corpo ou escala se dean as condicións de infrarrepresentación previstas no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. A senso contrario terá preferencia o solicitante do sexo masculino sobre o feminino cando se dean as condicións de infla representación na categoría, corpo ou escala.

- Maior puntuación no exercicio práctico.
- Maior puntuación no exercicio tipo test.
- Maior idade dos aspirantes.
- Por sorteo.

6. Naqueles procedementos que se estableza o sistema de concurso-oposición, unha vez rematada a fase oposición e elaborada a listaxe de aspirantes que aprobaron o proceso selectivo, establecerase un prazo de 10 días hábiles para presentar no Rexistro Xeral a relación de méritos a valorar segundo a convocatoria específica de cada procedemento.

Décimo primeira.- Achega de documentos polos aspirantes propostos polo tribunal cualificador

A relación de aprobados, publicada no taboleiro de edictos da Casa do Concello, conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

Os aspirantes propostos chegarán dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Documento nacional de identidade.
- Título oficial esixido para o ingreso ou copia autenticada, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións públicas e de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente así como de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial nos termos establecidos nos apartado d) e) e f) da base 3ª referida as condicións xerais dos aspirantes.
- Fotocopia da cartilla da seguridade social e número de conta bancaria.
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5V5T6CZ5LBYQPH



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser contratados nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.

Se dentro do prazo indicado os aspirantes propostos non presentasen a documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser contratados, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade.

Décimo Segunda.- Contratación

Unha vez aprobada a proposta polo órgano competente (Alcaldía), notificaráselles ós/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais no prazo dun mes, que contará dende o día seguinte á notificación do acordo.

Quen non o subscriba sen causa xustificada será declarado/a en situación de cesante e consecuentemente decaerá no seu dereito a acceder ao posto de traballo por falta de materialización do seu dereito a ser contratado/a no prazo outorgado para o efecto.

Previamente deberan ter presentada no Servizo de Persoal toda a documentación esixida na base 3ª en relación coa décimo primeira, no prazo máximo de 20 días naturais, contados a partir da publicación da lista de aspirantes aprobados/as no taboleiro de anuncios.

No contrato farase constar a manifestación da persoa interesada de non estar desempeñando ningún posto ou actividade no sector público, e que non realiza actividade privada remunerada, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos de calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.

Décimo Terceira.- Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo Cuarta.- Incidencias

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: 5V5VT6CZ5LBYQPH



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

Décimo Quinta.- Réxime xurídico

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; a Lei 2/2015, de 19 de abril, de emprego público de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a lei do estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, e demais disposicións.

Décimo Sexta.- Disposición final

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa segundo corresponda.

Así mesmo a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de conformidade co previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo Sétima.- Elaboración de listas de agarda

Nos procesos selectivos, os/as opositores/as que superen todos os exercicios e non obteñan praza, incluíranse de oficio, nas listaxes que se confeccionen para cubrir necesidades urxentes e inaprazables de emprego de carácter temporal, na mesma categoría ou posto ao que se presenten, segundo a mesma orde de puntuación que obtivesen na oposición. Asemade poderán ser chamados nos mesmos termos para prover temporalmente postos reservados ao persoal laboral, cando o seu grupo, categoría e funcións sexan as mesmas.

Estas listaxes, de confeccionarse, estarán en vigor ata que se realice un novo proceso selectivo, coa finalidade de prover en propiedade os postos correspondentes ás categorías das que se trate e, en todo caso, por un prazo máximo de 3 anos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:5V5T6CZ5LBYQPH



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

Sen prexuízo de que, con anterioridade, concorra algunha das causas que motive o cesamento de calquera persoal laboral temporal ou interino de conformidade coa lexislación vixente, á finalización de cada proceso selectivo, todo o persoal laboral temporal ou interino que ocupen postos de traballo correspondentes ás categorías das prazas convocadas cesarán automaticamente e perderán vixencia todas as listaxes de persoal laboral temporal ou interinos correspondentes ás categorías das prazas convocadas xeradas a partir de procesos selectivos de toda clase anteriores a presente convocatoria.

*BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA DE AUXILIAR
ADMINISTRATIVO SOCIO-CULTURAL VACANTE NO CADRO DE PERSOAL LABORAL DO
CONCELLO DE ARBO*

1ª Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a cobertura interina dunha praza de auxiliar administrativo socio-cultural, con destino na área de Cultura, a xornada completa, vacante no cadro de persoal laboral do Concello de Arbo.

As súas retribucións son de 17.339,35 € brutos anuais

As súas funcións serán, entre outras, as seguintes:

- Desenvolver os aspectos prácticos dos programas e proxectos culturais e turísticos municipais
- Colaborar e participar no desenvolvemento das planificacións, proxectos, programas e iniciativas culturais municipais e responsabilizarse do traballo directo coas persoas usuarias. Ao tempo contactar co sistema asociativo local e cooperar no incremento da participación da poboación nas actividades culturais, realización un labor de intermediación entre a demanda social e a oferta cultural proposta polos servizos públicos.
- Atención do Museo- Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea (Arabo).
- Informar dos recursos turísticos e asesorar sobre a diversidade de actividades turísticas e culturais existentes no municipio.
- Preparar e actualizar periodicamente a información turística do municipio que se entrega e ofrece aos visitantes.

2ª Requisitos dos aspirantes

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais as persoas aspirantes deberán posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

3ª Sistema de selección.

O sistema selectivo establecido é o de oposición libre e consistirá na realización das seguintes probas:

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 20 preguntas con catro opcións de resposta das que só unha é correcta, relacionadas co temario que se publica como Anexo I a estas bases.

Cualificarase con entre cero (0) e dez (10) puntos, e será necesario obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos para aprobar .

No exercicio tipo test penalizaranse as preguntas mal contestadas, de forma que por cada 3 preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou a súa parte proporcional 2/0,66 e 1/0,33.

Ademais, neste exercicio o tribunal marcará a puntuación esixida (nota de corte) para superar a proba en función da súa complexidade técnica e das peculiaridades propias da praza convocada, que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada a penalización por respostas incorrectas. A nota de corte indicada pode ser inferior, igual ou superior ao 50 % do número de preguntas que compoñen o exercicio.

O tempo de realización desta proba será de 20 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio, dividido en dúas partes:

1.- Primeira parte. Consistirá na realización dun suposto de carácter práctico, determinado polo tribunal antes da celebración do exercicio, relacionado coas funcións do posto de traballo de auxiliar socio-cultural e dirixido a apreciar a capacidade dos aspirantes para realizar as funcións propias do posto. Nesta primeira parte do exercicio valorarase a formación e os coñecementos xerais, así como a claridade e orde de ideas e a capacidade de expresión escrita. O tempo de realización desta proba será determinado polo Tribunal.

2.- Segunda parte. Consistirá nunha simulación de atención ao turista na oficina de información, cun tempo máximo de 20 minutos en inglés, relacionado coas funcións do posto de traballo de auxiliar socio-cultural relativas á atención ao público e información, e dirixido a apreciar a capacidade dos aspirantes para realizar as funcións propias do posto. Nesta segunda parte do exercicio valorarase o dominio de inglés, na súa translación práctica á información turística, así como a claridade e a capacidade de interactuar co turista.

A puntuación mínima para superar o exercicio son 10 puntos. A puntuación mínima en cada unha das dúas partes será de 5 puntos.

Dependendo do número de aspirantes, a primeira e segunda parte deste exercicio poderá realizarse en días distintos.

O aspirante que na primeira parte do segundo exercicio obteña unha puntuación inferior aos 5 puntos queda decaído no seu dereito e non participará na segunda parte do exercicio.



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

TERCEIRO EXERCICIO, coñecemento do galego. Con carácter obrigatorio e eliminatorio. Obrigatorio para os aspirantes que non acrediten o nivel de coñecemento do idioma galego CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, exentos polo tanto os aspirantes que o acrediten. Este exercicio consistirá na tradución ao galego, sen dicionario, dun fragmento dun texto legal en castelán proposto polo tribunal e no tempo máximo que este determine.

Este exercicio será cualificado de apto/a ou non apto/a.

No caso de solicitarse a exención do exame de tradución, as persoas aspirantes deberán achegar xunto coa solicitude de participación neste proceso selectivo unha copia do título do Celga 2 ou equivalente.

4ª Tribunal de selección.

A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, que fixará tamén a data e hora na que deberá constituírse o Tribunal.

A data da realización do exame determinarase polo Tribunal na súa sesión constitutiva, publicándose dita data no Taboleiro do Concello e na páxina web do concello: www.concellodearbo.es

5ª Formalización do contrato

Estarase ao establecido na base décimo segunda das bases xerais

ANEXO I. TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos e deberes dos cidadáns
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Principios xerais. Características e estrutura.
3. O Procedemento Administrativo Común: as súas fases. O réxime do silencio administrativo. O acto administrativo. Concepto. Clases de Actos. Elementos do acto administrativo. Eficacia e validez dos actos administrativos.
4. O Municipio: concepto e elementos. Competencias do Municipio. Servicios mínimos. Organización do municipio. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. O Pleno
5. Persoal ao servizo da Entidade Local. A función pública local: organización, selección e situacións administrativas. O persoal laboral. Dereitos e deberes do persoal ao servizo dos entes locais. Responsabilidade. Réxime disciplinario. O sistema de Seguridade Social do persoal ao servizo das entidades locais.
6. Concepto de cultura. Definición e dimensións. Cultura e territorio. Modelos de política cultural: características. Política cultural municipal: orixe, evolución e tipoloxía



Venres, 24 de setembro de 2021

Núm. 185

7. Os axentes culturais: concepto, clasificación e función. O xestor cultural.
8. Os proxectos culturais e as súas fases.
9. Comunicación e difusión dos proxectos. As audiencias
10. O financiamento de proxectos culturais. Do local ao global.
11. A avaliación do proxecto cultural.
12. A organización de actividades socioculturais e de promoción turística.
13. Principios de Animación Sociocultural e Promoción Turística.
14. Promoción e divulgación das artes escénicas e das manifestacións culturais.
15. Turismo cultural. A cultura como factor de desenvolvemento económico, social e territorial.
16. Redes sociais e participación: a comunicación dixital. Redes sociais e cultura.
17. A infraestrutura cultural, para a práctica de lecer e o tempo libre en Arbo: instalacións, espazos e equipamentos.
18. Coñecementos do municipio de ARBO. Principais aspectos da súa historia, xeografía, cultura, festas, gastronomía e viticultura. Aspectos urbanísticos e turísticos: as súas rúas, prazas, monumentos, rutas.
19. O patrimonio cultural en ARBO, arquitectura relixiosa, popular e civil. Recuperación e promoción das tradicións.
20. O concello de ARBO. Organización interna, distribución de competencias. Dependencias e Servizos.”

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello, e na sede electrónica e páxina web deste Concello, cuxas direccións son: <https://concellodearbo.sedelectronica.gal> e www.concellodearbo.es.

Contra as presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste Concello de Arbo, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.

